


XORNADA ONLINE

Tendencias actuais no ámbito da Propiedade Industrial

 Organiza: CIS Tecnoloxía e Deseño

 Data: 21 Novembro

 Horario: de 9:20 a 11:30

O CIS Tecnoloxía e Deseño da Axencia Galega de Innovación (GAIN), dentro das súas actividades enmarcadas na rede Enterprise Europe Network, organiza o **Ciclo Formativo sobre Vixilancia Tecnolóxica 2023** que ten como obxectivo axudar ás empresas galegas a adaptarse ao novo contexto empresarial, un escenario altamente competitivo e en constante cambio.

É fundamental para a competitividade empresarial que as organizacións coñezan e analicen os desafíos aos que se enfrontan no ámbito da Propiedade Industrial e estean ao tanto das tendencias na evolución das patentes, co fin de protexer e explotar a súa propiedade de maneira exclusiva.

A vixilancia dos dereitos de Propiedade Industrial permite ás empresas coñecer as últimas innovacións, tecnoloxías e avances no seu campo, o cal é información crucial para orientar a investigación e o desenvolvemento de novas tecnoloxías e para tomar medidas proactivas de protección e prevención de posibles infraccións.

Descobre como protexer a actividade innovadora da túa compañía

PROGRAMA

09:20 h - 09:30 h

- Presentación a cargo de María José Mariño Fontenla, Directora de Área de Centros de GAIN

09:30 h - 11:20 h

- Retos relacionados coa protección e a comercialización das invencións protexidas por patentes
 - As patentes como sinal de calidade
 - As patentes como garantía de financiamento
 - Comercialización de invencións protexidas por patentes
 - Patentes vs outros dereitos de propiedade industrial
- Iniciativas de políticas públicas a nivel estatal e europeo para fomentar a transferencia de coñecemento e a colaboración
 - Folla de ruta da OCDE, plan de transferencia e colaboración, nova axenda europea de innovación e plataforma europea de valorización
- Tendencias recentes das patentes de orixe española
 - Evolución por áreas tecnolóxicas, indicadores de calidade e protección internacional
- Como acceder a información sobre patentes de forma gratuíta: exemplos prácticos

11:20 h - 11:30 h

- Rogos e preguntas

Inscripción gratuíta

Relatora

Catalina Martínez

Científica titular no Instituto de Políticas y Bienes Públicos del Consejo Superior de Investigaciones Científicas. O seu ámbito de especialización céntrase nas patentes, e as políticas públicas na área de ciencia e tecnoloxía para fomentar vínculos ciencia-industria, colaboración público-privada e contratación de investigadores en empresas. Colabora regularmente como experta con organismos nacionais e internacionais como a OCDE, a OMPI e a Comisión Europea.



AXENCIA
GALEGA DE
INNOVACIÓN

feuga

fundación
empresa
universidad
galega

